

A Cámara asina un convenio con Caixanova para realizar cursos de actualización directiva

Ferrol. 26/03/2010. O director xeral de Caixanova, José Luís Pego, e o presidente da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol, Francisco Cruz, asinaron un convenio co obxectivo de impartir novos cursos de actualización directiva a través da Escola de Negocios da entidade financeira.

Este acordo enmárcase dentro da actividade da obra social de Caixanova dirixida ao apoio dos sectores produtivos galegos e ao fomento do emprego. Desta forma, a caixa de aforros reforza o seu elevado grado de compromiso co progreso económico e mellóraa social de Ferrol e a súa área de influencia.

Tanto Caixanova como a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol consideran a capacitación directiva como un elemento básico dinamizador das iniciativas empresariais en particular e do desenvolvemento económico en xeral.

Neste sentido, a Escola de Negocios Caixanova ten como misión estratéxica contribuír a mellorar a competitividade das empresas e a promover o desenvolvemento económico de Galicia a través da capacitación de directivos, a creación, difusión e aplicación práctica do coñecemento e a realización de proxectos de investigación para coñecer os problemas que afectan ao tecido empresarial. Desta forma, os seus principais obxectivos consisten en apoiar as decisións empresariais e adecuar os programas de formación á realidade das empresas.

A colaboración entre a Escola de Negocios Caixanova e a Cámara de Ferrol ten continuidade ao longo dos últimos anos, tanto no ámbito da formación -xa no ano 2003 se impartió unha edición do seu Programa en Dirección e Xestión de Empresas (PDGE)- como da investigación -entre o ano 2001 e 2002 desenvolveuse o Diagnóstico do Destino Turístico Ferrol-Eume-Ortegal-.

Nos últimos tempos a colaboración centrouse fundamentalmente en impartir distintos cursos de actualización e ciclos de seminarios para directivos.

Para este ano 2010 está prevista a celebración de dous novos programas formativos ao longo dos meses de maio e outubro, dirixidos a empresarios, gerentes e directivos das empresas do área de



Ferrolterra, nos que se desenvolverán diversas materias no ámbito da dirección e xestión de empresas.

